

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE **HISTORIA DA MÚSICA II**
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLOS DECRETOS 163/2015 E 171/2016)
CURSO 2022-23

| 1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN | | | | | | | | | | |
|---|--|----------|----------|----------|--|-----------------------------|---|---|--------------------------|---|
| DISCIPLINA: HISTORIA DA MÚSICA II | | | | | | | | | | |
| ESPECIALIDADE: | Todas | | | | ITINERARIOS: | Todos | | | | |
| CARÁCTER: | Formación básica | | | | TIPO DE CLASE: | Colectiva | | | | |
| DEPARTAMENTO: | Musicoloxía | | | | XEFE DE DPTO.: | Sergio Añón Lijó | | | | |
| CURSOS | 1º curso | 2º curso | 3º curso | 4º curso | COORDINADOR/A DA DISCIPLINA: | José Crisanto Gándara Eiroa | | | | |
| CUADRIMESTRES | I | II | III | IV | V | VI | VII | VIII | Horas de clase semanais: | 2 |
| ECTS/CUAD. | | 3 | | | | | | | Observacións: | |
| DOCENTES: | NOME E APELIDOS | | | | EMAIL / TLF. /WEB | | TITORÍA | | | |
| | José Crisanto Gándara Eiroa | | | | xcgandara@edu.xunta.es | | MARTES e XOVES, 14:00 – 14:30 [previa cita] | | | |
| 2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS | | | | | | | | | | |
| DESCRIPTOR | | | | | | | | | | |
| Coñecemento dos movementos e tendencias fundamentais da historia da música occidental a partir da análise, audición e o comentario do texto literario e/ou musical, con atención aos aspectos estilísticos, históricos e expresivos da tradición musical e ao seu contexto cultural e social. | | | | | | | | | | |
| COÑECEMENTOS PREVIOS | | | | | | | | | | |
| Os requiridos na proba de acceso ao grao superior e coñecementos do cuadrimestre anterior. Coñecementos básicos de xeografía, historia e historia da arte. | | | | | | | | | | |
| RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS | | | | | | | | | | |
| A trama que conforman os contidos das disciplinas de formación básica constitúen esa base imprescindible que permite acadar unha comprensión completa do feito musical tanto no ámbito interpretativo, como no compositivo e no pedagóxico. No caso concreto da Historia da música, existe unha complementariedade obvia coas disciplinas de Historia dos instrumentos, Organoloxía, Música e culturas e Análise. | | | | | | | | | | |
| COMPETENCIAS TRANSVERSAIS: | T2, T3, T4, T8, T11, T16, T17. | | | | | | | | | |
| COMPETENCIAS XERAIS: | X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. | | | | | | | | | |
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS: | EC10, ED10, EI4, EP3. | | | | | | | | | |
| Ver a lista e descrición de competencias nos decretos 163/2015 e 171/2016. | | | | | | | | | | |
| 3. OBXECTIVOS | | | | | | | | | | |
| DESCRICIÓN | | | | | | | | COMPETENCIAS RELACIONADAS | | |
| Valorar a música como expresión xenuína e característica do ser humano tanto a nivel individual como no seu comportamento social. | | | | | | | | T11, T16, T17. X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X26. EP3. | | |
| Promover unha reflexión crítica sobre o coñecemento histórico, as súas potencialidades e os seus límites. | | | | | | | | T8, T11, T16, T17. X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, EP3. | | |
| Recoñecer e contextualizar histórica e esteticamente cada estilo musical en función das súas características, fundamentalmente a través da audición e a análise. | | | | | | | | T2, T4, T8, T17. X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, EI4, EP3. | | |

| | |
|--|--|
| Contextualizar a creación musical na sociedade na que aparece, e relacionala co resto de actividades artísticas contemporáneas. | T2, T4, T8, T17. X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, EP3. |
| Comprender a importancia da Idade Moderna e os feitos históricos que dan paso á Idade Contemporánea na conformación da sociedade occidental. | T2, T3, T4, T8, T11, T16, T17. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, E14, EP3. |
| Entender a relación entre os cambios operados nas sociedades europeas nos séculos XVII e XVIII e a súa influencia na actividade musical do período. | T2, T3, T4, T8, T11, T16, T17. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, E14, EP3. |
| Adquirir coñecementos xerais sobre os procesos de transmisión da música en xeral para aplicalos á música en Occidente en sentido particular. | T2, T3, T4, T8, T11, T16, T17. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, EP3. |
| Comprender e valorar a interese artística e social da música entre 1600 e 1815 e achegarse ás canles de investigación actuais sobre os conceptos musicais da época. | T1, T2, T4, T8, T11, T16, T17. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, EP3. |
| Coñecer e entender as técnicas compositivas e as prácticas interpretativas nos diferentes xéneros musicais entre 1600 e 1815 como base da apreciación estética dos mesmos. | T2, T3, T4, T8, T11, T16, T17. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, E14, EP3. |
| Interpretar textos e outras fontes históricas para poñer a música destes períodos no seu contexto social e cultural. | T2, T3, T4, T8, T11, T16, T17. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, EP3. |

5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE

| TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN | HORAS PRESENCIAIS | HORAS NON PRESENCIAIS* | TOTAL HORAS |
|--|-------------------|------------------------|-------------|
| Lectura guiada e comentario de fontes | 10 | 0 | 10 |
| Comentario de audicións | 8 | 0 | 8 |
| Exposicións individuais e preparación das mesmas | 4 | 4 | 8 |
| Estudio individual | 0 | 50 | 50 |
| Actividades complementarias | 4 | 4 | 8 |
| Probas de avaliación: | | | |
| Realización das probas | 4 | 0 | 4 |
| Revisión das probas | 2 | 0 | 2 |
| TOTAL HORAS: | 32 | 58 | 90 |

6. AVALIACIÓN

6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA

6.1.1. AVALIACIÓN ORDINARIA CON AVALIACIÓN CONTINUA

| FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | COMPETENCIAS AVALIADAS | PONDERACIÓN |
|---------------------------|-------------------------|------------------------|-------------|
|---------------------------|-------------------------|------------------------|-------------|

| 4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN | | |
|--|--|---------|
| TEMA | DESCRITOR SUBTEMAS | SESIÓNS |
| 1. A transición ao século XVII: novos estilos e xéneros | 1.1. A música a finais do século XVI e principios do XVII: a camerata fiorentina. 1.2. Antecedentes históricos da ópera. As primeiras óperas: o <i>Orfeo</i> de Monteverdi. | 2 |
| 2. A primeira metade do século XVII | 2.1. Xéneros vocais: Madrigal, Cantata, <i>Villancico</i> . 2.2. <i>Basso continuo</i> e acompañamento. | 2 |
| 3. O teatro musical no século XVII | 3.1. A música na corte de Luís XIV: Jean-Baptiste Lully. 3.2. Música teatral en España. | 2 |
| 4. Ópera e música instrumental a finais do século XVII | 4.1. A ópera en Italia a finais do século XVII: a aria <i>da capo</i> . 4.2. A transformación da sonata: Arcangelo Corelli. | 1 |
| 5. A música na primeira metade do século XVIII | 5.1. O concerto en Venecia: Antonio Vivaldi. 5.2. Johann Sebastian Bach: historiografía e fontes. | 2 |
| 6. A música en Europa a mediados do século XVIII | 6.1. A Ilustración. A función social da música. O fin da tradición do <i>Solfeggio</i> . 6.2. Ópera seria, ópera bufa e <i>intermezzo</i> . Gluck e a reforma da ópera. | 1 |
| 7. A música na segunda metade do século XVIII | 7.1. Franz Joseph Haydn: historiografía e fontes 7.2. Wolfgang Amadeus Mozart: historiografía e fontes. | 2 |
| 8. A música nos inicios do século XIX | 8.1. Revolución e cambio. 8.2. Ludwig van Beethoven: historiografía e fontes. | 2 |
| Actividades complementarias e de repaso | | 2 |
| TOTAL SESIÓNS: | | 16 |

| | | | |
|--|---|---|------------|
| <p>Probas de avaliación:</p> <p>Catro exames parciais correspondentes a cada par de temas dos contidos da programación, que poderán incluír preguntas de diversa extensión, multirresposta, e comentarios de fontes (audicións, imaxes, partituras ou textos). Cada un deles representará o 25% da nota final da materia, sendo condición necesaria a presentación do candidato a todos eles. A realización das actividades programadas na Aula Virtual terán consideración de voluntarias, e servirán para as propostas de matrícula de honra naqueles casos con puntuación final igual ou superior a nove. Os contidos das mesmas terán carácter obrigatorio de cara á realización dos parciais, e máis do exame global das avaliacións alternativa e extraordinaria.</p> | <ul style="list-style-type: none"> -Asimilación dos contidos. -Uso correcto dos conceptos e terminoloxía estudados. -Coñecemento e identificación do repertorio proposto e as súas características. -Capacidade de concreción e síntese. -Capacidade para relacionar ideas e conceptos. -Capacidade para relacionar contidos de forma diacrónica e sincrónica. -Claridade e orde na exposición das ideas. -Adecuación do rexistro lingüístico. -Corrección gramatical e ortográfica. | <p>T2, T3, T8. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26.</p> | <p>90%</p> |
|--|---|---|------------|



| | | | |
|--|--|---|------------|
| <p>Actividades complementarias de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Exercicios de pescuda e emprego de información. -Recensións de lecturas ou audiovisuais. -Exposicións. -Comentarios ás lecturas base, traballos expostos e propostas de reflexión e debate. | <ul style="list-style-type: none"> -Tódolos criterios anteriores. -Participación construtiva. -Capacidade para traballar en grupo. -Claridade e orde na exposición oral. -Emprego das TIC e adecuadas ferramentas comunicativas verbais e non verbais na exposición oral. -Axeitada referencia ás fontes empregadas. | <p>T2, T3, T4, T8. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26.</p> | <p>10%</p> |
|--|--|---|------------|

OBSERVACIÓNS

- Os alumnos que superen as 4 faltas de asistencia permitidas perderán o dereito á avaliación continua (ver avaliación alternativa).
- Incorrer en plaxio (non facer a adecuada referencia ás fontes empregadas) nalgunha actividade ou o emprego de calquera fonte ou ferramenta non permitida nunha proba implica unha cualificación global de 0 na disciplina.
- Poderanse conceder matrículas de honra ao 5% do alumnado coas mellores cualificacións, sempre que acaden como mínimo un 9.

6.1.2. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA DA AVALIACIÓN CONTINUA)
(Alumnos que superen as 4 faltas por cuadrimestre establecidas no centro polo consello escolar)

| FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | COMPETENCIAS AVALIADAS | PONDERACIÓN |
|---|---|---|-------------|
| <p>Probas de avaliación:</p> <p>Exame global baseado nos contidos descritos no apartado correspondente da avaliación ordinaria, que poderá incluír preguntas de diversa extensión, multiresposta, e comentarios de fontes (audicións, imaxes, partituras ou textos). Representará o 100% da nota final da materia.</p> | <ul style="list-style-type: none"> -Asimilación dos contidos. -Uso correcto dos conceptos e terminoloxía estudados. -Coñecemento e identificación do repertorio proposto e as súas características. -Capacidade de concreción e síntese. -Capacidade para relacionar ideas e conceptos. -Capacidade para relacionar contidos de forma diacrónica e sincrónica. -Claridade e orde na exposición das ideas. -Adecuación do rexistro lingüístico. -Corrección gramatical e ortográfica. | <p>T2, T3, T8. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26.</p> | <p>100%</p> |

OBSERVACIÓNS

- Os alumnos que superen as 4 faltas de asistencia permitidas terán dereito a se presentar a un exame final na data fixada polo centro dentro do calendario de exames da convocatoria ordinaria (xaneiro). Neste exame non se terán en conta posibles reducións de materia ou calquera outra consideración feita durante as clases.
- O emprego de calquera fonte ou ferramenta non permitida no exame implica unha cualificación global de 0 na disciplina.

6.1.3. ADIANTO DE CONVOCATORIA

Nos casos contemplados a tal efecto, e se a directiva do centro así o entende, os alumnos poderán adiantar a convocatoria ordinaria a finais de novembro, o que implica a súa avaliación segundo o procedemento de avaliación alternativa arriba exposto. A data do exame será fixado e comunicado ao alumno unha vez aprobada a súa solicitude.

6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Os alumnos que non superen a convocatoria ordinaria contan cunha convocatoria extraordinaria que o centro fixará dentro da primeira semana do calendario de exames. A súa avaliación seguirá o procedemento de avaliación alternativa arriba exposto.

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

| DESCRICIÓN | CRITERIOS E PAUTAS |
|------------|--------------------|
|------------|--------------------|



Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de

Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

TEXTO BASE

Burkholder, J. Peter, Donald J. Grout e Claude V. Palisca. *Historia de la música occidental*. 9ª ed. Madrid: Alianza, 2019.

OUTROS

Baragwanath, Nicholas. *The Solfeggio Tradition: A Forgotten Art of Melody in the Long Eighteenth Century*. Oxford: OUP, 2020.

Bianconi, Lorenzo. *Storia della Musica, vol. 5: Il Seicento*. 2ª ed. Turín: Edizioni di Torino, 1991.

Buelow, George J. *A History of Baroque Music*. Bloomington: Indiana University Press, 2004.

Carreira, Xoán M. “Corelli en Galicia: el Libro de Órgano da Catedral de Tui”. <https://www.mundoclasico.com/articulo/33840/Corelli-en-Galicia-el-Libro-de-Órgano-da-Catedral-de-Tui?fbclid=IwAR31ylCsCanw1IFYeFdcAg6Ju6XJ55LaOU7m9SDZp01585jNERyEmTGexms>

Carreras, Juan J. (ed.). *Historia de la música en España e Hispanoamérica, vol. 5. La música en España en el siglo XIX*. Madrid: FCE, 2018.

Cascudo García-Villaraco, Teresa (ed.). *Un Beethoven Ibérico. Dos siglos de transferencia cultural*. Granada: Comares, 2021.

Cook, Nicholas. *Music as creative practice*. Oxford: OUP, 2018.

Downs, Philip G. *Antología de la música clásica*. Madrid: Akal, 2006.

Downs, Philip G. *La música clásica*. Madrid: Akal, 1998.

Gándara, Xosé Crisanto. “El acompañamiento con el violón y el contrabajo en la música de los siglos XVII y XVIII”. En *Campos Interdisciplinares de la Musicología: V Congreso de la Sociedad Española de Musicología*. vol. I, 659-681. Madrid: Sociedad Española de Musicología, 2001.

———. “«Quatro Minuetes avulsos, e hñas poucas de contradanças»: recepción y circulación de danzas francesas en el Norte de Portugal a principios del s. XVIII”. *Forum: Conselho Cultural da Universidade do Minho - Arquivo Distrital de Braga* 33 (2003): 83-102.

———. *Contexto y edición filológica y musical del manuscrito M-471 del Arquivo Distrital de Braga*. Tese de Doutoramento, Universidade da Coruña, 19 de xuño de 2009.

———. “Sonatas italianas en archivos ibéricos: el caso del manuscrito MM 63 de Coimbra”. En Miguel Ángel Marín e Màrius Bernadó. *Instrumental music in late eighteenth-century Spain*. Kassel: Reichenberger, 2014, 47-68.

———. “«both earnest and ironical»: la recepción de ‘La Novena’”. <https://www.mundoclasico.com/articulo/33455/both-earnest-and-ironical-la-recepción-de-‘La-Novena’>

Keefe, Simon P., ed. *The Cambridge History of Eighteenth-Century Music*. Cambridge: Cambridge University Press, 2011.

Lawson, Colin, e Robin Stowell, eds. *The Cambridge History of Musical Performance*. Cambridge: Cambridge University Press, 2012.

Leza, José Máximo, ed. *Historia de la música en España e Hispanoamérica, vol. 4, La música en el siglo XVIII*. Madrid: Fondo de Cultura Económica, 2014.

Lockwood, Lewis. *Beethoven's Lives: The Biographical Tradition*. Woodbridge: Boydell Press, 2020.

Ludwig van Beethoven. Sinfonía No. 9 op. 125. Bärenreiter Faksimile. Kassel: Bärenreiter, 2019.

Matsuura, Jun. *Beethoven*. Barcelona: la otra h, 2021.

Samson, Jim (ed.). *The Cambridge History of Nineteenth Century Music*. Cambridge: CUP, 2001.

Spitzer, Michael. *The Musical Human. A History of Life on Earth*. Londres: Bloomsbury, 2021.

Thorau, Christian, e Hansjakob Ziemer. *The Oxford Handbook of Music Listening in the 19th and 20th Centuries*. Oxford: OUP, 2019.

Torrente, Álvaro, ed. *Historia de la música en España e Hispanoamérica, vol. 3, La música en el siglo XVII*. Madrid: Fondo de Cultura Económica, 2016.



RECURSOS MATERIAIS

- Ordenador con conexión a internet, canón de vídeo e encerado electrónico para a proxección dos contidos audiovisuais.
- Reprodutor de audio e vídeo multi-formato.
- Fondos bibliográficos básicos para a consulta na aula: dicionarios e manuais de referencia.
- Material didáctico: gravacións, partituras, recursos audiovisuais...